


VOCABULARIO DA UNIDADE 2.

Aluvi3n: restos miúdos de rochas (sedimentos) transportados e depositados transitoria ou permanentemente por unha corrente de auga. Poden estar compostos por area, grava, arxila ou lodo.



Meseta: accidente xeográfico aplanado e elevado formado por materiais paleozoicos (silíceos) da era primaria. Constitúe relevos horizontais. Podemos atopala no interior da península.



Tectónica de placas: teoría que establece que a litosfera está fragmentada nunha serie de placas que se desprazan sobre o manto superior (astenosfera). Interaccionan unhas con outras e provocan intensas deformacións que dan lugar ás cadeas montañosas, aos sistemas de fallas asociados con elas, aos volcáns e a maior parte dos terremotos. España atópase na placa euroasiática.

Ría: son entrantes costeiros estreitos que resultan da invasión do último tramo dun val fluvial polo mar. Este feito pode deberse ao ascenso do nivel do mar ou ao descenso da codia continental. En España podemos atopalas en Galicia.



Zócolo: son chairas ou mesetas formadas na era primaria ou paleozoico como resultado do arrasamento pola erosión de cordilleiras xurdidas nas oroxéneses desta mesma era (herciniana). Os materiais paleozoicos son rochas silíceas moi ríxidas: granito, lousa, cuarcita e xistos. Se non se ven afectados por novas presións, constitúen relevos predominantemente horizontais (penechairs) como as da metade occidental da península. Pero se sofren novas presións, os seus materiais ríxidos non se pregan, senón que se fracturan, orixinando unha estrutura xermánica de bloques levantados (horst) e afundidos (graben).

Macizo: Son grandes formacións de materiais silíceos, montes da Era Primaria endurecidos e arrasados na Era Secundaria, e fracturados e elevados de novo na Era Terciaria. Constitúen a parte elevada do zócolo (horst) a causa das presións orixinadas pola oroxénese alpina. O seu relevo está suavizado pola erosión, polo que presentan formas redondeadas e cumios aplanados. Na Península, son macizos antigos: o Sistema Central, os Montes de Toledo, o Macizo Galaico e a parte occ. da Cordilleira Cantábrica.

Cordilleiras de pregamento: son grandes elevacións montañosas xurdidas na oroxénese alpina da era terciaria a partir de sedimentos depositados polo mar na era secundaria ou Mesozoico. Estes materiais, fundamentalmente calcáreos, son plásticos, polo que ante as presións oroxénicas préganse. Na actualidade, estas cordilleiras presentan fortes pendentes e formas escarpadas, xa que, pola súa relativa xuventude, a erosión aínda non as suavizou. Na península destacan os Pireneos e os Sistemas Béticos.

Cuncas sedimentarias: son depresións do terreo, zonas afundidas formadas na era terciaria que se encheron con sedimentos arxilosos e calcáreos. Na actualidade, ao non resultar afectadas por oroxéneses posteriores, constitúen estruturas horizontais (relevo aclinal, tabular) ou en costa (relevo monoclinal). Podemos destacar a depresión do Ebro (depresión prealpina) ou a depresión do Douro (conca de zócolo).

Paisaxe: Calquera parte do territorio, tal como a percibe a poboación, resultante da interacción de elementos bióticos, abióticos e antrópicos. A paisaxe constitúe o obxecto de estudo da xeografía por ser o escenario da interrelación dos elementos naturais e a acción humana. Podemos distinguir paisaxes naturais e paisaxes humanizados.